



ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DE DÚAS PRAZAS DE OPERARIOS SERVIZOS MÚLTIPLES, SUBVENCIÓN XUNTA DE GALICIA-APROL RURAL, EXP: TR351G 2020/66-1

Na Casa do Concello de Porto do Son, do día 3 de xullo de 2020, reúnese o tribunal designado para a selección da praza, composto do seguinte xeito:

- Presidente: José Manuel Segade Santos.
- Vogal: José Antonio Maneiro Maneiro.
- Secretario: Manuel José Abeijón Blanco.

O obxecto da sesión é proceder á valoración da fase de oposición, establecida na base 10ª.

Tal e como se reflicte na base 10ª, o exercicio práctico será cualificado entre 0 e 10 puntos, quedando eliminados os aspirantes que non obteñan unha puntuación mínima de 5 puntos e a proba de galego cualificase de apto ou non apto.

Unha vez realizado, o tribunal por unanimidade dos tres membros acorda:

1º) Outorgar as seguintes puntuacións:

APELIDOS E NOME	CASO PRÁCTICO	GALEGO	TOTAL
RIVEIRO OLVEIRA JOSÉ MANUEL	6,5	exento	6,5
QUEIRUGA LADO ÁNGEL MANUEL	5,5	exento	5,5
QUINTÁNS OLVEIRA CARMEN	5	exento	5
SERÁNS PARADA JUAN MANUEL	4,5	-	4,5
CASTELO QUEIRUGA MILAGROS	0	-	-
FERNÁNDEZ CALO MARTÍN	NP	-	-
POUSO QUEIRUGA JOSEFINA	0	-	-

2º) Propoñer para a súa contratación pola Alcaldía ao seguintes participantes por ser os candidatos que acadaron a maior puntuación na realización do procedemento de selección: Riveiro Olveira José Manuel e Queiruga Lado Ángel Manuel.

3º) Bolsa de emprego: Cos aspirantes que superaron o proceso selectivo constituirase unha bolsa de traballo que estará vixente ata o 29/08/2023 salvo que o concello decida anulala ou deixala sen efecto con anterioridade.

4º) Presentación da documentación polos aspirantes aprobados. Os candidatos seleccionados deberán presentar no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Porto do Son, en horario de 9:00 a 13:30, **no prazo de 2 días naturais (se o último día do prazo fose inhábil, trasladarase ao primeiro hábil seguinte)** dende que se faga pública a relación de aprobados (mediante anuncio no Taboleiro do Concello) os documentos acreditativos das condicións de capacidade e demais requisitos esixidos na convocatoria:

- **Certificado ou informe médico de atoparse apto para a realización deste traballo.**



- **Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade.**
- **Declaración xurada de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública nin encontrarse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.**
- **Código IBAN de conta bancaria e copia da cartilla da Seguridade Social.**
- **Os aspirantes seleccionados deberán presentar neste momento os orixinais documentación presentada coa solicitude:** fotocopia do DNI ou pasaporte, fotocopia da tarxeta de demandante de emprego, fotocopia do certificado de escolaridade ou equivalente, de ser o caso certificación de aptitude do Celga 1 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- De non presentarse dita documentación no prazo indicado (salvo casos de forza maior) ou no caso de deducirse da documentación que non se reúnen os requisitos esixidos, o aspirante non poderá ser contratado; sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na súa solicitude de participación. Neste suposto, o Alcalde-Presidente contratará ao seguinte aspirante aprobado por orde de puntuación.

5º) Formalización dos contratos: Formalizaranse por resolución da Alcaldía baixo a **modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social**, cos candidatos seleccionados.